

FOTOGRAFÍA



A tua cidade

O TEU PATRIMONIO

EN REDE



Ciudades
Patrimonio
de la Humanidad
ESPAÑA | UNESCO



PROGRAMA EDUCATIVO PATRIMONIAL
Curso escolar 2022-23

Bases

O Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España, convoca “A túa cidade, o teu patrimonio. Fotografía en rede”, unha proposta educativa en forma de certame que ten como finalidade fomentar a educación e a sensibilización patrimonial a través da fotografía e mediante a rede social Instagram, na que poderán participar todas as persoas e grupos-clase que cumpran as condicións establecidas nestas bases.

Obxectivo

- O programa pretende fomentar a creatividade e a expresión, incrementar o interese polas cidades patrimonio da humanidade de España a través da fotografía e contribuír ao bo uso das redes sociais.
- Facilitar un maior coñecemento das quince cidades patrimonio da humanidade de España.
- Concienciar os escolares da importancia de vivir nunha cidade patrimonio da humanidade e coñecer o valor universal excepcional de cada unha delas.
- Fomentar entre as persoas participantes unha actitude de cidadanía activa, promovendo o coñecemento e o goce do patrimonio das cidades.
- Impulsar experiencias didácticas que promovan a utilización das cidades como recurso educativo.



A quen vai dirixido

Alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria e Formación Profesional Básica e o seu profesorado responsable, escolarizado en centros educativos das quince cidades que forman o Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España: Alcalá de Henares, Ávila, Baeza, Cáceres, Córdoba, Cuenca, Eivissa, Mérida, Salamanca, San Cristóbal de La Laguna, Santiago de Compostela, Segovia, Tarragona, Toledo, Úbeda.

Temática.

“XUVENTUDE E CIDADES PATRIMONIO ”

As clases participantes poderán buscar e plasmar nunha imaxe a vinculación entre a mocidade e a súa cidade patrimonio.

Participación

Para participar no concurso é imprescindible que o alumnado o faga a través do seu centro educativo presentando as fotografías como aula ou grupo baixo a coordinación dun profesor ou profesora responsable. O grupo, ou o profesor ou profesora responsable, deberá ter aberta unha conta en Instagram e respectar as condicións desta rede. Ademais, para que a participación poida ser validada, este perfil ten que ser público.

Cada aula ou grupo participante poderá subir como máximo dúas (2) fotografías e envialas á conta de Instagram:

@TuCiudadTuPatrimonio

(Para preservar o dereito de imaxe do alumnado menor enviarase unha mensaxe directa ao perfil).

Só se aceptarán imaxes que foran etiquetadas correctamente cos datos persoais e de contacto da autoría das fotografías.

As imaxes irán acompañadas dun breve comentario no que se reflicta onde están tomadas e as razóns e motivacións polas que identifican e vinculan a mocidade e a súa cidade patrimonio nesa imaxe.

Prazos

O prazo de presentación de fotografías comeza o 14 de novembro de 2022 e remata o 21 de abril de 2023.

Selección

O Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España seleccionará a partir do 21 de abril de 2023 unha imaxe gañadora por cada cidade de entre as presentadas ao certame polos centros educativos. O resultado farase público nas redes sociais desta organización.

Premios

Outorgarase un premio valorado en 500 euros por cada fotografía gañadora seleccionada en cada cidade. Este importe debe ser destinado a sufragar o custo dunha actividade cultural e educativa enfocada ao maior coñecemento da cidade patrimonio na que radique o centro, na que participará exclusivamente os alumnado da aula ou grupo gañador do certame.

Os premios outorgados non serán transferibles nin poderán ser obxecto de cambios, alteracións ou compensacións por pedimento das persoas gañadoras, nin poderán ser trocados por ningún outro premio. Calquera imposto ou carga tributaria que poida supor a aceptación do premio correrá por conta dos representantes legais da persoa ou grupo gañador, así como calquera outro gasto derivado do concurso que non sexa asumido pola entidade organizadora expresamente nestas bases.

Exposición de fotografías seleccionadas

O Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España exporá, durante o tempo que considere oportuno, as fotografías seleccionadas de cada cidade a través das súas redes sociais.

Cesión de imaxe

A imaxe seleccionada será propiedade do Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España e poderá facer uso dela para fins publicitarios ou de promoción relacionados con este concurso, nomeando sempre a súa autoría.

As persoas participantes responsabilízanse da autoría e orixinalidade das fotografías presentadas así como de que non existan outros dereitos sobre elas e de calquera reclamación que por dereitos de imaxe se poidan formular.

Responsabilidades

O Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España resérvase o dereito de anular calquera participación se se teñen sospeitas dunha manipulación incorrecta dos datos ou do programa e tamén de rexeitar ou excluír do concurso calquera participante que non reúna os requisitos descritos nestas bases.

O Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España non se responsabiliza das posibles perdas de datos por problemas de correo electrónico o polo mal funcionamento de Instagram ou Internet.

O Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España exclúe calquera responsabilidade polos danos e perdas de toda natureza que puidesen deberse á utilización indebida dos servizos e dos contidos por parte das persoas participantes no concurso, incluídas aquelas que puidesen suplantar a personalidade dunha terceira persoa en calquera clase de comunicación efectuada na rede.

As persoas participantes, polo feito de selo, aceptan as normas de uso da rede social Instagram.

Se nestas bases quedase algunha cuestión sen precisar será establecida

pola organización do programa. A participación implica o coñecemento e a aceptación íntegra das base.

PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Consonte a lexislación aplicable sobre protección de datos, e en particular o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, cada participante, coa aceptación destas bases legais, permite que os datos persoais facilitados para a participación neste programa sexan incorporados a un ficheiro xestionado polo Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España coa única finalidade de tramitar a participación no programa e informar dos premios concedidos.

O responsable do tratamento dos datos persoais é, pois, o Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España, con CIF G-5127147 e domicilio en Palacio de los Verdugo, rúa Lope Núñez, 4, Ávila, polo tanto a información persoal almacénase de forma segura e trátase co máximo coidado.



Alcalá de Henares
Ávila
Baeza
Cáceres
Córdoba
Cuenca
Ibiza/Eivissa
Mérida

Salamanca
San Cristóbal de La Laguna
Santiago de Compostela
Segovia
Tarragona
Toledo
Úbeda

www.ciudadespatrimonio.org

